

V
2056

17.06.83

XUNTA DE GALICIA E UNIVERSIDAD DE LA REPÚBLICA (URUGUAY)

**Convenio de colaboración
para a docencia, a investigación e maila promoción
da lingua, a literatura e a cultura galegas**

Santiago de Compostela,

Reunidos:

- Celso Currás Fernández, conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, no nome e en representación da consellería, que actúa de conformidade co disposto no art. 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu Presidente.
- Rafael Guarga Ferro, rector da Universidad de la República (Uruguay), no nome e en representación da universidade.

Manifestan:

1. A Xunta de Galicia (en adiante a Xunta), a través da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (en adiante a consellería), promociona o ensino da lingua, a literatura e a cultura galegas entre o público interesado non galego ou que vive no exterior. Este labor de difusión lévase a cabo a través de varias liñas de actuación, entre as que se atopa a creación de centros de estudio en colaboración con universidades de fóra do ámbito territorial de Galicia.
2. Con esta finalidade, a consellería e a Universidad de la República (Uruguay) (en adiante a universidade) manteñen unha relación de colaboración dende 1996.

Polo exposto, e coa finalidade de continuar colaborando, as partes asinan catro exemplares deste convenio (dous en galego e dous en español), que recolle os seguintes

Acordos:

Primeiro: A universidade comprométese a:

- A) Darlle continuidade ós estudos de lingua, literatura e cultura galegas nos plans de estudio da Facultad de Humanidades y Ciencias de la Educación.
- B) Organizar actividades de apoio á promoción e á difusión da lingua, da literatura e da cultura galegas dentro da universidade e no seu ámbito de actuación, e desenvolver investigacións e actividades educativas referidas á realidade galega.
- C) Acolle-lo profesor bolseiro (ou profesora bolseira) de lingua, literatura e cultura galegas nomeado pola consellería e aceptado pola universidade. A función deste



profesor (ou profesora) será a de levar a cabo as actividades recollidas nos puntos A e B deste acordo primeiro. Para os efectos da súa actuación e consideración dentro da universidade, a situación deste profesor bolseiro (ou profesora bolseira) será asimilable á do profesorado asistente.

D) Adquiri-lo material bibliográfico, fonográfico, videográfico, informático e infraestructural necesario para realiza-las accións recollidas nos puntos A e B deste acordo primeiro.

Segundo: A consellería, a través da Dirección Xeral de Política Lingüística (en adiante a DXPL), colaborará na realización das accións previstas no acordo primeiro cunha subvención de 24.040 €, dividida nos seguintes importes e partidas orzamentarias:

- **Nove mil quince euros (9.015 €)** con cargo á **partida orzamentaria 07.06.353E.790.0** correspondente ós orzamentos xerais da C.A. de Galicia para 2003.

A consellería efectuaralle o pagamento desta cantidade á universidade da seguinte maneira:

- 4.507,50 € como anticipo de pagamento, tralo asinamento deste convenio e a entrega, na DXPL, dunha programación da universidade coas actividades previstas para 2003.
- 4.507,50 € logo da universidade entregar na DXPL un certificado, redactado en galego e expedido polo órgano que teña atribuídas as facultades de control, no que conste a aplicación do 100% deste importe de concesión directa da subvención ó cumprimento das accións previstas no acordo primeiro.
- **Quince mil vintecinco euros (15.025 €)** con cargo á **partida orzamentaria 07.06.353E.780.2** correspondente ós orzamentos xerais da C.A. de Galicia para 2003.

A consellería efectuaralle o pagamento desta cantidade directamente ó profesor bolseiro (ou profesora bolseira) despois de que o director xeral de Política Lingüística certifique o cumprimento da función que o profesor bolseiro (ou profesora bolseira) ten encomendada de acordo co previsto no punto C do acordo primeiro.

A consellería resérvase o dereito de solicitar toda a documentación que considere precisa en relación coa xustificación do cumprimento do convenio.

Terceiro: Os servicios técnicos da DXPL seguirán e supervisarán a realización das accións acordadas neste convenio. No caso de apreciaren incumprimentos poderán formular ó respecto os reparos que consideren oportunos. De non procede-la universidade a corrixi-los defectos sinalados, considerarase que houbo incumprimento do convenio e este poderá ser denunciado.

Cuarto: Este convenio estará vixente ata o 31 de decembro de 2003, agás que sexa denunciado por algunha das partes, por incumprimento dos acordos que nel se recollen, con un mes de antelación polo menos.

Quinto: O presente convenio resolverase:



A) Por incumprimento total ou parcial dalgún dos seus acordos.

B) Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as accións acordadas.

De ser resolto o convenio, a consellería pode, se fose o caso, esixi-lo reintegro das cantidades achegadas e mailos correspondentes intereses.

Sexto: A posible discrepancia na aplicación e/ou interpretación deste convenio resolverase por diálogo directo entre as partes ou pola comisión de seguimento constituída por dous representantes da consellería, nomeados polo seu titular, e dous membros da universidade, nomeados polo seu rector.

Sétimo: A consellería e maila universidade poderán incluír outras entidades ou institucións para colaborar, participar e financia-las accións previstas no acordo primeiro deste convenio.


Oitavo: Para a implementación de tódolos trámites e accións previstos neste convenio, Carlos Zubillaga, ou, no seu defecto, o profesor ou a profesora que nomee o rector da universidade, actuará como responsable e mais como representante da universidade ante a consellería.

Antes do 31 de decembro de 2003, este responsable remitiralle á DXPL unha memoria, redactada en galego, das actividades levadas a cabo en cumprimento das accións previstas no acordo primeiro deste convenio.

Noveno: Este convenio réxese polo establecido no Decreto 287/2002, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime das axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 11 de decembro).

O conselleiro de Educación
e Ordenación Universitaria

O rector da Universidad de la República
(Uruguay)



Celso Currás Fernández

Rafael Guarga Ferro